

Procedementos de avaliación da aprendizaxe

11.1. Procedementos e instrumentos de avaliación

Supoñen un conxunto diversificado de procedementos para atender as diferentes características do alumnado.

A.Probas escritas ou orais

Como mínimo dúas por avaliación (seis ao longo do curso). Farase un exame de recuperación de cada avaliación para a recuperación das probas escritas ou orais. Nestas probas terase en conta a asimilación de conceptos, estándares de aprendizaxe, e manexo de competencias.

B.Realización de actividades na clase e aula virtual (comentarios de texto, preguntas, test, análise de mapas, análise de obras de arte, tarefas de investigación....) Serán actividades ligadas aos contidos das unidades didácticas. Valoraranse a partir da participación na clase e control das actividades realizadas.

C.Traballos de elaboración.

Elaboración de sínteses, traballos de investigación, presentacións, exposicións orais... Farase, polo menos, un traballo de elaboración en cada trimestre.

11.2. Criterios de cualificación e promoción do alumnado

Cada un dos anteriores instrumentos de avaliación computará na cualificación nas seguintes porcentaxes:

A.Probas escritas ou orais, un 70% da nota. Faranse como mínimo dous exames por avaliación, a nota final será a media aritmética entre as dúas probas.

B-C.Realización de actividades na clase e na aula virtual e traballos de elaboración: un 30% da nota.

-A nota dos exames escritos corresponde a unha media aritmética das dúas probas. Á nota dos exames sumaranse as notas dos apartados b) e c) para obter a **nota final da avaliación**.

-Tendo en conta que no curso 2022-23 no haberá libro de texto, será fundamental asistir á clase cos apuntes impresos. A falta de apuntes repercutirá de xeito negativo na nota no apartado b).

- Os alumnos e as alumnas poderán recuperar a 1ª e 2ª avaliación mediante probas que terán lugar unhas semanas despois de cada unha das sesións de avaliación. En caso de non ter un resultado positivo na recuperación, entregarase un **caderno de reforzo** con data de entrega que recolla contidos mínimos indicados para esa avaliación. A recuperación da terceira avaliación realizarase na proba final de xuño.

-A nota final resultará da nota media das tres avaliacións, sendo imprescindible para aprobar superar o 5. Neste caso será necesario ter superadas dúas avaliacións e ter como mínimo na avaliación suspensa unha nota igual ou superior a 4.

-Estará obrigado a realizar a **proba final de xuño** o alumnado con estándares de aprendizaxe non superados e que deban ser recuperados. Nesta proba teranse en conta os **caderno/s de reforzo**. O total dos cadernos de reforzo ou calquera outro material entregado puntuarase ata 1 punto. **O aprobado na avaliación final de xuño establécese no 5.**